

# **Regulamento VIII Carreira Popular Monte de Santa Cruz.(Ribadeo)**

O Club Atletismo Ribadeo organiza a VIII Carreira popular Monte de Santa Cruz, o sábado 29 de Agosto a partir das 16.30h.

## **ESTE ANO CON NOVO PERCORRIDO.**

A distancia total da proba absoluta será de 7.100m. no Monte de Santa Cruz (Ribadeo).

-Poderán participar nas distintas probas todos aqueles que o desexen, tanto si son atletas federados ou non federados, como calquera persoa que queira disfrutar deste evento deportivo.

- Tódolos participantes terán asignado un dorsal, que se corresponderá ca categoría e distancia a recorrer, o cal deberá ir colocado no peito e terá que ser visible durante toda a proba. Todo corredor que chegue a liña de meta sen o seu dorsal será automaticamente descalificado.

- A organización poderá establecer controis durante o transcurso das probas, polos cales terán que pasar os distintos participantes para non ser descalificados.

- O control da chegada para a proba de distancia larga de 7.100 m, pecharase 50 minutos despois de chegar o 1º clasificado xeral.

- Tódolos participantes deberán colocarse na liña de saída 5 minutos antes do comezo da mesma.

- Haberá habitualmente líquido ó remate da carreira.

- Os atletas participantes na carreira absoluta, excepto que participe co seu chip amarelo, deberá entregar o chip OBRIGATORIAMENTE ó persoal habilitado.

- A organización resérvase o dereito de modificación das normas en función das circunstancias e en caso de reclamacións será a organización quen resolva as mesmas.

-O regulamento é de obrigado cumprimento por parte de tódolos participantes.

-Haberá servizo de duchas no lugar designado pola organización, que será no pavillón de deportes.

## **RETIRADA DE DORSAIS:**

-Os dorsais e chips da carreira absoluta poderanse retirar o día da Carreira, no Monte de Santa Cruz, na Casa da Ría ata media hora antes das probas. (Para casos especiais poñerse en contacto coa organización).

OS PROPIETARIOS DE CHIP AMARELO PRÉGASE TRAELO.

## **INSCRIPCIONS:**

*INSCRICIÓN CARREIRA ABSOLUTA E CATEGORIAS MENORES:* a través da páxina web: ([www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)) aportando os seguintes datos obrigatorios: Nome e Apelidos, DNI, Data de nacemento, Sexo, Localidade, Teléfono, talla de camiseta e club ( se o ten).

Pasando polo centro auditivo Widex, de Ribadeo situado na Avda. de Galicia nº29 a inscrición é gratis para os maiores de 45 anos. Tamén teredes unha revisión auditiva.

Nota: Non se admitirán inscricións fora de prazo, nin tampouco o mesmo día da proba. A inscrición non se completará se non se segue os pasos fixados na web e se non se figura nos listados de preinscritos.

-PREZO da INSCRICIÓN.

a) Inscripción Nenos/as: GRATUITA.

b) Inscripción Carreira Absoluta:

-Propietarios Chip Amarelo Championship ata o 20 de Agosto: 5€.

-Propietarios Chip Amarelo Championship dende o 21 ata o 27 de Agosto: 8€.

-Corredores sen Chip amarelo Championship os dereitos de inscrición + 1,00€ en concepto de aluguer do chip.

### **PREMIOS,TROFEOS E MEDALLAS.**

A entrega de premios de todas as carreiras será o remate da proba absoluta.

- Entregaranse agasallos ós tres primeir@s clasificad@s da proba absoluta, e premios en metálico:

1ºe1ª-70 euros + Xamón

2ºe2ª-50 euros.

3ºe3ª-30 euros.

- Trofeo para primeir@ ribadense, nados no Concello de Ribadeo, acreditarase ca presentación do DNI no momento da entrega dos trofeos, e premio en metálico:

1º e 1ª-30 euros.

Os premios son acumulativos cos das categorías correspondentes.

- Categorías Absolutas: entregaranse agasallos ós tres primeiros clasificad@s de cada categoría.

- Categorías Menores: entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificad@s de cada categoría.

Entregarase una medalla a tod@s os nenos participantes.

-Trofeo para os tres primeiros equipos, puntuarán os cinco primeiros atletas de cada equipo, tendo que ser dous deles mulleres.

Entregarase os que rematen a proba absoluta unha camiseta técnica Joma conmemorativa ata fin de existencias e unha bolsa do corredor.

### **DISTANCIAS,CATEGORIAS E HORARIOS DAS PROBAS:**

#### **CATEGORIA DE NEN@S**

-CATEGORIA PITUFOS: ( Nados no 2010 e posteriores):-- 80 metros ----- **16.30 h**

-CATEGORIA PREBENXAMIN: ( 2008-2009): -----350 metros

-CATEGORIA BENXAMIN: (2006-2007): -----350 metros

-CATEGORIA ALEVIN : (2004-2005): -----1000 metros

-CATEGORIA INFANTIL: (2002-2003): -----1000 metros

-CATEGORIA CADETE: (2000-2001): -----1000 metros

#### **CATEGORIA ABSOLUTA:**

-CATEGORIA XUVENIL (1998-1999)----- 7.100 metros ----- **17.30 h.**

-CATEGORIA SENIOR (1980-1997)----- 7.100 metros

-CATEGORIA VETERANOS A (1969-1979)----- 7.100 metros

-CATEGORIA VETERANOS B (1958-1968) ----- 7.100 metros

-CATEGORIA VETERANOS C (1957 en diante) -----7.100 metros

En todas as categorías haberá dúas clasificacións, homes e mulleres.

A organización non se fai responsable dos posibles danos morais, persoais ou económicos derivados na participación nesta carreira popular.